



EIXO 1. XUVENTUDE E EDUCACIÓN

OBXECTIVO OPERATIVO 1.1.: Contribuír á formación do alumnado universitario, así como á continuidade dos seus estudos.

Medida 1.1.1.	<i>Axudas para o alumnado que cursa estudos universitarios que por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar os seus estudos.</i>		
Descrición e obxectivos	Sistema de axudas para aqueles estudantes universitarios conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lle impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	45 estudantes por ano.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Universidades. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	91 000,00 €	273 000,00 €
	2 015	91 000,00 €	
	2 016	91 000,00 €	
Partida orzamentaria	09.40.422C.480.0		
Indicadores	Número de mozos/as beneficiarios/as das axudas.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.1.2	<i>Bolsas para a realización de estudos oficiais nas universidades do SUG conducentes ao título de máster universitario.</i>		
Descrición e obxectivos	Sistema de axudas para o pagamento da matrícula de aqueles alumnos e alumnas que non teñen dereito á bolsa do MECED polos novos requisitos esixidos por esta convocatoria. O alumnado debera estar matriculado nun máster universitario oficial, ofertado polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e estar en situación de desemprego.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	200 estudantes por ano.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Universidades. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	200 000,00 €	600 000,00 €
	2 015	200 000,00 €	
	2 016	200 000,00 €	
Partida orzamentaria	09.40.422C.480.0		
Indicadores	Número de mozos/as beneficiarios/as das bolsas.		
Medida 1.1.3.	<i>Axudas ao alumnado que cursa ensinanzas para a obtención de títulos oficiais de grao ou ensinanzas universitarias (licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico ou máster universitario).</i>		
Descrición e obxectivos	Sistema de axudas para estudantes universitarios, conducentes aos títulos oficiais de grao ou ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, que non teñen dereito á bolsa do MECED polos novos requisitos esixidos por esta convocatoria.		



XUNTA DE GALICIA

Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	1 000 estudantes por ano.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Universidades. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	1 000 000,00 €	3 000 000,00 €
	2 015	1 000 000,00 €	
	2 016	1 000 000,00 €	
Partida orzamentaria	09.40.422C.480.0		
Indicadores	Número de alumnos/as beneficiarios/as das axudas.		

Medida 1.1.4.	<i>Centros Quérote +: Servizo de prácticas universitarias.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Realización de prácticas universitarias nos centros Quérote para o alumnado de Traballo Social, Educación Social, Psicoloxía e Pedagogía. A finalidade é ampliar a formación dos/as universitarios/as, a través da adquisición de coñecementos e habilidades que lles poidan ser de utilidade para o seu futuro profesional.</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <p>Xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contribuír á formación do alumando universitario no ámbito profesional <p>Específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dar a coñecer o servizo Quérote+ en profundidade ás persoas participantes. - Formar ao alumnado en contidos relevantes para o desenvolvemento do traballo no servizo Quérote+. - Formar ao alumando en habilidades e estratexias básicas precisas para o traballo nun servizo de información e asesoramento á mocidade especializado. 		
Temporalización	2 014	2 015	2 016



XUNTA DE GALICIA

Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	15 estudantes por ano.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.		
Entidades colaboradoras	Universidade de Santiago de Compostela. Universidade de Vigo.		
Orzamento	2 014	20 565,66 €	61 696,98 €
	2 015	20 565,66 €	
	2 016	20 565,66 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.442.07		
Indicadores	Número de mozos/as que realizaron prácticas universitarias en centros Quérote.		

OBXECTIVO OPERATIVO 1.2.: Facilitar a formación e o achegamento a cultura galega da mocidade descendente de galegos/as no exterior.

Medida 1.2.1.	<i>Escolas Abertas.</i>		
Descrición e obxectivos	Programación formativa de carácter presencial que se desenvolve nunha cidade de Galicia, para avanzar no fomento da cultura galega nas súas diferentes manifestacións artísticas. O obxectivo é implicar e colaborar coa mocidade no seo das entidades galegas do exterior, favorecendo deste xeito a súa dinamización.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	Provincia de Lugo.		
Previsión de persoas destinatarias	90 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Subdirección Xeral de Programas Sociais. Secretaría Xeral da Emigración. Presidencia.		



XUNTA DE GALICIA

Orzamento	2 014	105 000,00 €	330 000,00 €
	2 015	110 000,00 €	
	2 016	115 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.30.312C.226.07		
Indicadores	Número de mozos/as participantes na programación formativa.		

Medida 1.2.2.	<i>Bolsas estudos universitarios de grao, enxeñería, licenciatura.</i>		
Descrición e obxectivos	Sistema de axudas para a realización de estudos universitarios oficiais conducentes á obtención do título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma		
Previsión de persoas destinatarias	4 mozos e mozos para a anualidade 2 014 2 mozos e mozas para a anualidade 2 015		
Entidade promotora	Subdirección Xeral de Programas Sociais. Secretaría Xeral da Emigración. Presidencia.		
Orzamento	2 014	24 000,00 €	36 000,00 €
	2 015	12 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.30.312C.480.0		
Indicadores	N ^a de mozos/as beneficiarios/as das bolsas.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.2.3.	<i>Seminarios de baile, música, actividades artesanais e cociña galega en colaboración coas entidades galegas do exterior.</i>		
Descrición e obxectivos	Facilitar o coñecemento da cultura galega pola mocidade no exterior, a través da realización das seguintes actividades: -Seminarios de baile. -Seminarios de gaita. -Seminarios de percusión. -Seminarios de pandeireta e canto. -Seminarios de carácter artesanal (encaixe de bolillos e confección de traxes tradicionais). -Seminarios de cociña galega.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	Comunidades galegas no exterior .		
Previsión de persoas destinatarias	Sen determinar.		
Entidade promotora	Subdirección Xeral de Programas Sociais. Secretaría Xeral da Emigración. Presidencia.		
Entidades colaboradoras	Comunidades e Centros Galegos no exterior.		
Orzamento	2 014	90 000,00 €	285 000,00 €
	2 015	95 000,00 €	
	2 016	100 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.30.312C.226.07		
Indicadores	Número de mozos/as participantes nos seminarios de baile. Número de mozos/as participantes nos seminarios de gaita. Número de mozos/as participantes nos seminarios de percusión. Número de mozos/as participantes nos seminarios de pandeireta e canto. Número de mozos/as participantes nos seminarios de carácter artesanal (encaixe de bolillos e confección de traxes tradicionais). Número de mozos/as participantes nos seminarios de cociña galega.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.2.4.	<i>Axudas ás entidades galegas no exterior para proxectos culturais.</i>		
Descrición e obxectivos	Programa de axudas ás entidades galegas no exterior para proxectos culturais promovidos pola mocidade e accións informativas. A finalidade é facilitar á mocidade exterior a implicación na vida dos centros e comunidades galegas no exterior no coñecemento da realidade de Galicia.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	Comunidades galegas no exterior.		
Previsión de persoas destinatarias	44 centros no exterior por ano.		
Entidade promotora	Subdirección Xeral de Programas Sociais. Secretaría Xeral da Emigración. Presidencia.		
Entidades colaboradoras	Comunidades e Centros Galegos no exterior.		
Orzamento	2 014	60 000,00 €	180 000,00 €
	2 015	60 000,00 €	
	2 016	60 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.30.312C.481.0		
Indicadores	Número de centros nos que se desenvolveron programas culturais. Número de proxectos culturais executados. Número de mozos/as que participaron nos proxectos culturais.		



OBXECTIVO OPERATIVO 1.3.: Achegar á mocidade información estatística e facilitar o seu análise e interpretación.

Medida 1.3.1.	<i>Portal estatístico para o mundo educativo.</i>		
Descrición e obxectivos	O Portal facilita a información estatística no formato e contidos mais axeitados para o seu uso no ámbito educativo, conseguindo que o alumnado e o profesorado empregue datos, variables e conceptos reais relativos ao seu contorno. Trátase que no ensino secundario o alumando se acostume a usar información estatística e que esta aprendizaxe lle sexa útil noutros niveis de ensino e na súa futura vida profesional.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma		
Previsión de persoas destinatarias	150 000 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Instituto Galego de Estatística. Consellería de Facenda.		
Orzamento	Sen asignación específica		
Indicadores	Número de visitas realizadas ao portal por parte dos mozos/as.		

Medida 1.3.2.	<i>Observatorio da sociedade da información e modernización de Galicia.</i>		
Descrición e obxectivos	O observatorio da sociedade da información e modernización de Galicia ofrece información estratéxica sobre o equipamento dos fogares galegos e o uso das TIC por parte da poboación galega. Ofrece unha perspectiva comparada dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia e que inflúen no avance das TIC na nosa comunidade: convivencia con nenos/as ou estudantes no fogar, idade, tipo de hábitat, o sexo, o nivel de estudos, a situación laboral, o volume de ingresos...		



XUNTA DE GALICIA

	As actuacións concretas que se van levar a cabo son:		
	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de enquisas e diagnóstico sobre a Sociedade da Información nos fogares galegos correspondentes ao ano 2012. - Monográfico sobre o “Uso das TIC na presenza de nenos/as e mozos/as no fogar”. 		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	600 suscripcións e 3 900 entrevistas para a anualidade 2 014. 700 suscripcións e 4 200 entrevistas para a anualidade 2 015. 800 suscripcións e 4 360 entrevistas para a anualidade 2 016.		
Entidade promotora	Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). Presidencia.		
Orzamento	2 014	25 000,00 €	85 000,00 €
	2 015	30 000,00 €	
	2 016	30 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.A1.571A.640.0		
Indicadores	Número de enquisas realizadas. Número de persoas interesadas nos monográficos.		

Medida 1.3.3.	<i>Accións que potencien o coñecemento a través da estatística.</i>		
Descrición e obxectivos	Realización de xornadas de portas abertas para que o alumnado de ensino secundario coñeza como funciona o sistema estatístico de Galicia e como se realizan as enquisas, así como a asistencia do IGE á Feira matemática.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	Provincia de A Coruña.		
Previsión de persoas destinatarias	130 000 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Instituto Galego de Estatística. Consellería de Facenda.		



Orzamento	2 014	2 548,00 €	7 748,00 €
	2 015	2 600,00 €	
	2 016	2 600,00 €	
Partida orzamentaria	06.80.581A.226.99		
	06.80.581A.220.00		
Indicadores	Número de xornadas de portas abertas celebradas. Número de mozos e mozas participantes nas xornadas.		

OBXECTIVO OPERATIVO 1.4.: Contribuír ao desenvolvemento de programas en materia de sensibilización ambiental e sostibilidade para a xente moza.

Medida 1.4.1.	<i>Campaña de información e concienciación ambiental para a mellora da recollida selectiva.</i>		
Descrición e obxectivos	Realización de actuacións de contacto directo coa cidadanía (entre eles os mozos e mozas) para mellorar os resultados de recollida selectiva a nivel municipal e no conxunto do territorio. Para elo, promóvense as boas prácticas de consumo e unha correcta clasificación dos residuos xerados nos fogares, motivando unha participación activa e a colaboración de todos os membros da familia, e incidindo en aqueles tipos de residuos que mais dúbidas adoitan xerar á hora da súa clasificación.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	10 000 mozos e mozas.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.		
Orzamento	Sen asignación específica.		
Indicadores	Número de accións de contacto directo levadas a cabo. Número de mozos e mozas participantes nas accións.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.4.2.	<i>Meteoescolas.</i>
Descrición e obxectivos	<p>Posta en marcha do proxecto “O meu clima”, no que o alumnado desenvolverá de xeito interdisciplinar competencias en investigación medio ambiental mediante a observación directa do clima na súa escola e a comparativa cos datos do seu arredor.</p> <p>O alumnado, coa axuda do persoal docente, tomará os datos de precipitación, temperaturas máxima e mínima na súa MeteoEscola. Estes datos serán introducidos á web MeteoGalicia, permitindo obter series estatísticas e comparar os datos con outras MeteoEscolas.</p>
Temporalización	2 014 2 015 2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.
Previsión de persoas destinatarias	35 centros escolares por ano.
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
Orzamento	Sen asignación específica.
Indicadores	Número de centros escolares participantes no programa. Número de mozos e mozas participantes nas actuacións do programa.
Medida 1.4.3.	<i>Axenda 21 escolar de Galicia.</i>
Descrición e obxectivos	Xuntanza de alumnado de secundaria baixo a temática “Sostentabilidade e Paisaxe” para desenvolver a capacidade de iniciativa e traballo en equipo á hora de afrontar problemas complexos nun contexto de incerteza e impulsar accións de mellora do entorno.
Temporalización	2 014 2 015 2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.
Previsión de persoas destinatarias	44 centros educativos. 5 914 mozos e mozas.



XUNTA DE GALICIA

Entidade promotora	Instituto de Estudos do Territorio. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.		
Orzamento	2 014	9 000,00 €	9 000,00 €
Partida orzamentaria	07.80.541E.640.1		
Indicadores	Número de centros escolares participantes na xuntanza. Número de mozos e mozas participantes.		

Medida 1.4.4.	<i>O Monte Vivo.</i>		
Descrición e obxectivos	Programa integrado no Plan Proxecta que busca a participación dos escolares na protección do medio natural fronte aos incendios forestais. Ten como obxectivo a consecución dos seguintes obxectivos: <ul style="list-style-type: none">- Comprender os valores do monte, tanto a nivel económico, social como ambiental e a importancia da súa integración no medio rural.- Sensibilizar sobre a problemática dos incendios forestais e os seus efectos negativos.- Reflexionar sobre que os incendios forestais é un problema de todos.- Coñecer a estrutura e función do Sistema de protección contra incendios forestais e os mecanismos de participación na prevención e defensa contra os incendios forestais.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	400 mozos e mozas para a anualidade 2 014. 600 mozos e mozas para a anualidade 2 015. 800 mozos e mozas para a anualidade 2 016.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes. Consellería do Medio Rural e do Mar.		
Orzamento	Sen asignación específica		
Indicadores	Número de alumnos/as participantes no programa.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.4.5.	<i>Montentérate</i>		
Descrición e obxectivos	Programa integrado no Plan Proxecta que pretende promover unha adecuada cultural forestal na educación primaria e secundaria. A finalidade é acadar os seguintes obxectivos: <ul style="list-style-type: none">- Fomentar o coñecemento da multifuncionalidade do monte.- Fomentar o coñecemento da xestión sostible do monte- Divulgar a importancia dos montes veciñais en Galicia.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	1 056 alumnos/as por ano.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes. Consellería do Medio Rural e do Mar.		
Orzamento	Sen asignación específica.		
Indicadores	Número de alumnos/as de primaria participantes no programa. Número de alumnos/as de secundaria participantes no programa.		



OBXECTIVO OPERATIVO 1.5.: Apoiar e premiar a excelencia na educación, para contribuír a mellora do sistema educativo.

Medida 1.5.1.	<i>Premios fin de carreira.</i>		
Descrición e obxectivos	Premiar a excelencia académica do alumnado que remata os seus estudos universitarios nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	75 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Universidades. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	187 500,00 €	562 500,00 €
	2 015	187 500,00 €	
	2 016	187 500,00 €	
Partida orzamentaria	09.40.422C.480.0		
Indicadores	Número de mozos/as premiados/as.		

Medida 1.5.2.	<i>Premios extraordinarios de ESO ao rendemento académico.</i>		
Descrición e obxectivos	Premios ao rendemento do alumnado que remata a ESO para dar un recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado que acada este nivel de estudos. Reforzando, así, aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntando excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	20 mozos e mozas.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		



XUNTA DE GALICIA

Orzamento	2 014	15 000,00 €	15 000,00 €
Partida orzamentaria	09.50.423A.480.1		
Indicadores	Número de alumnos/as premiados/as.		

Medida 1.5.3.	<i>Premios de ESO ao esforzo e á superación persoal.</i>		
Descrición e obxectivos	Premios ao esforzo e á superación persoal do alumnado que remata o 4º da ESO e merece un especial recoñecemento pola dedicación e o esforzo demostrado ao longo da etapa en superar dificultades, ben de tipo educativo, persoal ou do entorno familiar e sociocultural..		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	20 mozos e mozas.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	15 000,00 €	15 000,00 €
Partida orzamentaria	09.50.423A.480.1		
Indicadores	Número de alumnas/os premiadas/os.		

Medida 1.5.4.	<i>Premios extraordinarios de formación profesional de grao superior.</i>		
Descrición e obxectivos	Premios para o alumando de formación profesional de grao superior que recoñecen o rendemento relevante do alumnado que remata os seus estudos de formación profesional de grao superior na Comunidade Autónoma de Galicia cunha traxectoria académica cualificada.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	22 mozos e mozas.		



XUNTA DE GALICIA

Entidade promotora	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2014	18 700,00 €	18 700,00 €
Partida orzamentaria	09.50.423A.480.1		
Indicadores	Número de mozos/as alumnos/as de FP premiados.		

Medida 1.5.5.	<i>Premios extraordinarios de bacharelato.</i>		
Descrición e obxectivos	Premios para o alumnado que remata segundo de bacharelato par recoñecer o esforzo e a dedicación do alumnado que remata os estudos de bacharelato nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia cunha traxectoria académica cualificada.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	20 mozos e mozas.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	20 000,00 €	20 000,00 €
Partida orzamentaria	09.50.423A.480.1		
Indicadores	Número de alumnos/as premiados/as.		



OBXECTIVO OPERATIVO 1.6.: Programar actividades formativas e lúdicas de carácter transversal no eido do ensino e na educación non formal.

Medida 1.6.1.	<i>Programación educativa dos museos públicos.</i>		
Descrición e obxectivos	Programación de actividades permanentes de formación de públicos nos museos e centros expositivos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través de cursos e actividades paralelas as exposicións.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	Sen determinar.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	214 650,00 €	643 950,00 €
	2 015	214 650,00 €	
	2 016	214 650,00 €	
Partida orzamentaria	09.21.432A.640.1		
Indicadores	Número de actividades programadas. Número de mozos/as participantes nas actividades programadas.		

Medida 1.6.2.	<i>Master Class Audiovisual Galego.</i>		
Descrición e obxectivos	Formación para coñecer as características dos diferentes formatos audiovisuais, ofrecendo espazos de formación audiovisual que poñan en contacto aos/á mais novos/as en contacto con profesionais do sector e contribuíndo na promoción e difusión das obras audiovisuais galegas, dende o diálogo entre os seus creadores e o alumnado.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	Toda a Comunidade Autónoma.		



XUNTA DE GALICIA

Previsión de persoas destinatarias	120 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Axencia Galega de Industriais Culturais (AGADIC). Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	4 000,00 €	14 000,00 €
	2 015	5 000,00 €	
	2 016	5 000,00 €	
Partida orzamentaria	09.A1.432B.640.1		
Indicadores	Número de accións formativas. Número de mozos/as participantes nas accións formativas.		

Medida 1.6.3.	<i>Formación en Portos.</i>		
Descrición e obxectivos	Curso de formación obrigatoria, en materia de seguridade, para a xente do mar, posibilitando o acceso a vida laboral e formando ao sector nas materias que obrigan as distintas administracións. Ofrecese a realización destes cursos de maneira online para facilitar o acceso a esta formación por calquer/a mozo/a.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	Toda a Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	3 000 persoas por ano.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Consellería do Medio Rural e do Mar.		
Orzamento	2 014	800 000,00 €	2.400 000,00 €
	2 015	800 000,00 €	
	2 016	800 000,00 €	
Partida orzamentaria	16.31.422K.640.5		
Indicadores	Número de curso realizados. Número de mozos/as formados/as.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.6.4.	<i>Escola de Prevención de Riscos Laborais.</i>		
Descrición e obxectivos	Posta en marcha de actuacións de formación e difusión en prevención de riscos laborais dirixidas a poboación escolar na que se dá atención formativa e se ofrece a consulta de materiais, servizos de información e consulta, obradoiros e actividades co apoio de material didáctico. É unha actividade itinerante que ten o obxectivo de inculcar e espallar nas primeiras idades a vocación preventiva dun xeito didáctico, ameno e divertido e que os/as rapaces e rapazas aprendan a integrar a prevención no día a día.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	Toda a Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	400 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Consellería de Traballo e Benestar.		
Entidades colaboradoras	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	Sen asignación específica.		
Indicadores	Número de actividades realizadas. Número de materiais prestados. Número de consultas resueltas. Número de mozos/as participantes nas actividades da Escola.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.6.5.	<i>Curso básico de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre.</i>		
Descrición e obxectivos	Curso básico de prevención de riscos laborais de 60 horas de duración, que corresponde ao contido mínimo de formación para o desempeño das funcións de nivel básico, establecido no anexo IV-A do Regulamento dos servizos de prevención, cun módulo específico sobre prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	30 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.		
Entidades colaboradoras	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Escola Galega de Administración Pública.		
Orzamento	Sen asignación específica.		
Indicadores	Número de cursos realizados. Número de mozos/as formados/as.		

Medida 1.6.6.	<i>Proxecto Terra.</i>		
Descrición e obxectivos	Apoio e elaboración de materiais e actividades didácticas e labores de actuación do “proxecto Terra”, coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos dos/as cidadáns/cidadás en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio. É un proxecto didáctico dirixido á Educación Secundaria Obrigatoria co fin de contribuír a mellorar o coñecemento que os escolares de Galicia deben ter da nosa arquitectura e da nosa identidade territorial.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		



XUNTA DE GALICIA

Previsión de persoas destinatarias	Sen determinar.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo-Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.		
Orzamento	2 014	200 000,00 €	200 000,00 €
Partida orzamentaria	07.02.521A.640.1		
Indicadores	Número de centros escolares onde se leva a cabo o proxecto. Número de escolares participantes nas actividades do proxecto.		

Medida 1.6.7.	<i>Centros Quérote+: Programa Ciclo de Vida Adolescente.</i>
Descrición e obxectivos	<p>Programa de formación dirixido aos centros de ensino de Galicia chamado Ciclo de Vida Adolescente. É un programa que aborda aspectos transversais da educación de mozos e mozas e que reforza as accións levadas a cabo dende os centros de ensino.</p> <p>As actividades que se realizan dentro deste programa son obradoiros vinculados á educación na convivencia, na educación afectivo-sexual, na prevención de consumos, no respecto á diversidade de corpos e estéticas... Para elo, levanse a cabo sesións de 100 minutos, onde o alumnado reflexionará sobre estes temas a través de dinámicas de participación, coa colaboración do centro de ensino ao longo de todo o ano.</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <p>Xerais:</p> <ul style="list-style-type: none">- Contribuír á formación do alumnado de centros de ensino en materiais transversais.



XUNTA DE GALICIA

	Específicos: <ul style="list-style-type: none">- Dar a coñecer o servizo Quérote+ ao alumnado como o servizo de información e asesoramento especializado de referencia para a mocidade.- Potenciar a aprendizaxe da resolución construtiva de conflitos.- Facilitar a reflexión sobre os usos que poden ter as redes sociais.- Sensibilizar na xestión axeitada das redes sociais.- Contribuir ao coñecemento, aceptación do corpo e imaxe de forma satisfactoria e positiva.- Promover a vivencia da sexualidade do xeito máis pracenteiro, responsables e satisfactorio posible.- Facilitar información e asesoramento de calidade na relación coas drogas, promovendo e fomentando a toma de decisións responsable.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	23 500 mozos e mozas por ano		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar		
Entidades colaboradoras	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	20 565,66 €	61 696,98 €
	2 015	20 565,66 €	
	2 016	20 565,66 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.442.07		
Indicadores	Número de centros nos que se desenvolveu o programa Número de obradoiros celebrados. Número de mozos/as participantes nos obradoiros.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.6.8.	<i>O Son das Linguas</i>		
Descrición e obxectivos	Espazo informal de conversa en diferentes linguas baixo a coordinación dun/dunha formador/a profesional no campo da educación formal/non formal, a través do establecemento de encontros lingüísticos entre a mocidade galega e mocidade nativa doutros países europeos. Esta actuación vai permitir mellorar o nivel de competencia lingüística en expresión, comprensión e interacción oral nas linguas que se oferten.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	50 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Centro Coordinador de Información Xuvenil. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.		
Orzamento	Sen asignación específica.		
Indicadores	Número de encontros realizados. Número de mozos/as participantes.		



OBXECTIVO OPERATIVO 1.7.: Facilitar a adquisición de competencias en materia de novas tecnoloxías e previr os seus malos usos.

Medida 1.7.1.	<i>Euroscola.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Concurso convocado anualmente pola Oficina de información do Parlamento Europeo en España. Trátase dun xogo “online” de habilidades, participación, traballo en equipo, destrezas e coñecementos vinculados a temas de gran transcendencia europea. Haberá un finalista por cada Comunidade Autónoma e os 9 mellor clasificados participaran no Programa Euroscola do Parlamento Europeo en Estrasburgo, no que participan grupos de profesores e mozos e mozas dos 27 países membros da Unión Europea.</p> <p>Dende a D.X. de Xuventude e Voluntariado premia ao equipo da nosa comunidade autónoma cunha estancia dunha semana de lecer educativo.</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Informar á xuventude sobre o proceso de integración europea, dándolle a oportunidade de reflexionar e debater sobre o modelo de Unión que quere para o futuro. • Fomentar o uso de Internet como ferramenta educativa, informativa e comunicativa e a aprendizaxe doutra lingua. 		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	Todos os centros escolares de Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Bacharelato ou ciclos de Formación Profesional de grao medio establecidos na Comunidade Autónoma de Galicia.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.		



XUNTA DE GALICIA

Orzamento	2 014	5 000,00 €	15 000,00 €
	2 015	5 000,00 €	
	2 016	5 000,00 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.640.0 11.06.313A.226.06		
Indicadores	Número de centros participantes no programa. Número de mozos/as participantes no programa.		

Medida 1.7.2.	<i>Rede de Centros para a modernización e innovación tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT).</i>		
Descrición e obxectivos	A través da Rede de centros de modernización tecnolóxica (Rede CeMIT) alfabetizar dixitalmente ao colectivo formado por menores de 30 anos con escasos coñecementos informáticos.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	10 431 mozos e mozas para a anualidade 2 014. 11 000 mozos e mozas para a anualidade 2 015. 12 000 mozos e mozas para a anualidade 2 016. * 12 000 mozos e mozas en total, xa que son datos acumulativos.		
Entidade promotora	Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega). Presidencia.		
Orzamento	2 014	105 576,62 €	316 729,86 €
	2 015	105 576,62 €	
	2 016	105 576,62 €	
Partida orzamentaria	04.A1.571A.640.0		
Indicadores	Número de accións realizadas dentro da Rede. Número de mozos/as participantes nas actividades da Rede.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.7.3.	<i>Convenio co CPEIG.</i>		
Descrición e obxectivos	Convenio para a realización do Programa Navega con Rumbo III e coñece o espazo Abalar, a finalidade e formar aos/ás mais novos/as para a navegación segura en internet e formar aos/ás pais e nais nas funcionalidades do espazo Abalar.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	200 mozos e mozas.		
Entidade promotora	Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega). Presidencia.		
Orzamento	2 014	65 000,00 €	195 000,00 €
	2 015	65 000,00 €	
	2 016	65 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.A1.571A.781.0		
Indicadores	Número de mozos/as formados/as.		

Medida 1.7.4.	<i>Centros Quérote+: Programa Conéctate.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Programa no que se traballan aspectos relacionados coa convivencia a través de espazos tecnolóxicos. Levanse a cabo as seguintes accións: información e asesoramento de forma presencial, telefónica e on-line, accións formativas en centros educativos, concellos e entidades do tecido asociativo, e accións de participación en espazos xuvenís como facultades, xornadas, días mundiais...</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <p>- Xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, e fomentando a súa autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións en 		



	<p>aspectos relacionados coa convivencia a través das tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none">• Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente. <p>- Específicos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Atender as consultas de mozas e mozos de forma anónima, confidencial e gratuíta a través das diferentes vías: presencial, telefónica e on-line sobre temas relacionados coa convivencia en espazos virtuais.• Facilitar a través de accións formativas que os mozos e as mozas dispoñan dun mellor repertorio de habilidades e estratexias que contribúan a adquirir autonomía e liberdade para poder tomar decisións de maneira responsable e saúdable en relación aos seus vínculos persoais establecidos e/ou mantidos a través de espazos virtuais.• Organizar e participar en eventos de sensibilización para a mocidade e a poboación en xeral relacionadas coa convivencia en espazos virtuais.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	5 600 mozos e mozas para as anualidades 2 014 e 2 015. 5 000 mozos e mozas para a anualidade 2 016.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.		
Entidades colaboradoras	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Plan Proxecta). Centro Penitenciario de Teixeiro. Concellos. Universidades. Garda Civil.		



XUNTA DE GALICIA

	Asociacións. Fundacións que traballan con menores con medidas xudiciais.		
Orzamento	2 014	20 565,66 €	61 969,98 €
	2 015	20 565,66 €	
	2 016	20 565,66 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.442.07		
Indicadores	Número de accións de información e asesoramento executadas. Número de mozos/as participantes nas accións. Número de accións formativas. Número de mozos/as que participan nas accións formativas.		
Medida 1.7.5.	<i>Implantación dun sistema de screening do uso problemático de Internet nos centros de ensinanza secundaria obrigatoria</i>		
Descrición e obxectivos	Elaboración dunha ferramenta de screening composta por once ítems con niveis elevados de fiabilidade, validez, sensibilidade e especificidade. Para o desenvolvemento de dito test desenvolverase unha plataforma informática que permita recoller datos on-line nos centros de ensinanza obrigatoria da comunidade galega, a cerca do uso que os menores fan de Internet e das novas tecnoloxías. A finalidade é previr problemas emerxentes como o uso de Internet e as novas tecnoloxías entre os/as menores, así como a posta en marcha de políticas adecuadas e a avaliación e seguimentos das mesmas.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	87 500 mozos e mozas por ano.		



Entidade promotora	Convenio entre: -Valedor do Pobo. -Universidade de Santiago de Compostela. -Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. -Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
Orzamento	Sen asignación específica
Indicadores	Número de centros participantes no programa. Número de test realizados.

OBXECTIVO OPERATIVO 1.8.: Desenvolver hábitos lectores entre a mocidade galega e apoiar o desenvolvemento de proxectos de fomento da lectura no ámbito educativo

Medida 1.8.1.	<i>Ler conta moito. Programa de dinamización da lectura nas bibliotecas.</i>		
Descrición e obxectivos	Programa de actividades de dinamización da lectura desenvolvido na Rede de Bibliotecas de Galicia, que conta cunha sección de actividades específicas para a mocidade. Ten como finalidade acadar os seguintes obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> • Garantir unha oferta de actividade nas bibliotecas do conxunto do territorio galego para favorecer o achegamento da mocidade aos libros e á lectura. • Promover o achegamento aos centros bibliotecarios dos/as mais novos/as. • Incrementar o índice de lectores e de usuarios/as das bibliotecas públicas de Galicia. 		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	Sen determinar.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Cultura. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		



XUNTA DE GALICIA

Orzamento	2 014	162 334,25 €	442 334,25 €
	2 015	140 000,00 €	
	2 016	140 000,00 €	
Partida orzamentaria	09.20.432A.640.5		
Indicadores	Número de bibliotecas participantes no programa. Número de actividades executadas. Número de mozos/as participantes nas actividades.		

Medida 1.8.2.	<i>Plan de mellora de bibliotecas escolares.</i>		
Descrición e obxectivos	Programa polo que se dota a unha selección de centros educativos de titularidade pública, dun orzamento para apoiar a transformación da súa biblioteca escolar e actualizar os seus recursos para apoiar ás actividades de fomento da lectura e alfabetización mediática.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	Sen determinar.		
Entidade promotora	Subdirección Xeral de Centros. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	2 014	810 000,00 €	2 430 000,00 €
	2 015	810 000,00 €	
	2 016	810 000,00 €	
Partida orzamentaria	09.60.423A.229.15 09.60.423A.625.1 09.60.423A.628.1		
Indicadores	Número de centros beneficiarios. Número de alumnos/as beneficiarios/as.		



XUNTA DE GALICIA

Medida 1.8.3.	<i>Achegar os arquivos.</i>		
Descrición e obxectivos	Programación de actividades guiadas do Arquivo do Reino de Galicia destinada ao alumnado de educación secundaria e bacharelato. Ten como finalidade acadar os seguintes obxectivos: <ul style="list-style-type: none">• Dar a coñecer o labor dos arquivos como centros de conservación e estudo das fontes primarias para a interpretación dos acontecementos do pasado.• Poñer en valor o patrimonio documental galego.• Ofrecerlles ás persoas en formación unha aproximación á investigación arquivística.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	600 mozos/as por ano.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral de Cultura. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
Orzamento	Sen asignación específica.		
Indicadores	Número de actividades guiadas executadas. Número de mozos/as participantes nas actividades guiadas.		